

Posta en marcha do catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia – Plan de comunicación

O 28 de decembro de 2010 publicouse no Diario Oficial de Galicia a ley 12/2010 do 22 de decembro de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se pon en marcha o catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia.

PREGUNTAS MAIS FRECUENTES

¿POR QUÉ SE LEVA A CABO ESTE CAMBIO?

1. ¿Que vantaxes ten?

A posta en marcha do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia permitirá mellorar a eficiencia do gasto farmacéutico do Servizo Galego de Saúde, sen afectar o coidado clínico dos cidadáns. Permitirá un importante aforro de custos, que redundará en beneficios noutros servizos asistenciais.

¿CÓMO VAI AFECTARME ESTE CAMBIO?

2. ¿O medicamento que eu tomo segue estando financiado polo SERGAS?

O Servizo Galego de Saúde garante a continuidade de todos os tratamentos. É posible que a marca comercial á que está afeito xa non estea financiada, aínda que sempre existirá un produto equivalente. En www.sergas.es/catalogofarmacia pode consultar aqueles principios activos suxeitos a priorización. Os principios activos que non foron incluídos nesta listaxe non se ven afectados pola entrada en vigor da lei.

3. Poderá o meu médico seguir xerando receitas da marca comercial á que estou afeito?

Se a súa marca comercial se atopa no catálogo como produto non priorizado, o seu médico elixirá un produto equivalente para xerar as súas novas receitas.

4. Teño que volver pasar pola consulta do médico?

Non, ata que non necesite xerar novas receitas. Os sistemas están preparados para realizar os cambios necesarios automaticamente, vostede non ten que modificar en nada a súa previsión de visitas ao seu centro sanitario ou á súa farmacia. Se xa ten as súas receitas xeradas desde a súa anterior visita non necesita volver polo centro de saúde.

5. A farmacia poderá dispensarme a medicación que necesito?

Si. Sempre que o seu médico xa xerase as súas receitas, a oficina de farmacia disporá dos mecanismos adecuados para dispensarlle o medicamento ou substituílo por un equivalente.

¿CANDO SE PON EN MARCHA?

6. ¿Cando se pon en marcha o catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia?

A partir do luns 3 de xaneiro de 2011 terá efecto para receitas e tratamentos novos. A partir do luns 17 de xaneiro de 2011 quedará aplicado de forma xeral a todos os tratamentos.